



## **LUIS MIGUEL FERNÁNDEZ**

Alumno da Promoción de 1970

Discurso-salutación do acto de encontro dos exalumnos do curso 1969-1970 (11-11-2017)

Benvidos todos, profesores e alumnos, a este acto celebratorio dos 47 anos da promoción daquel sexto curso de 1969-70 no marco do aniversario dos 175 anos deste Instituto. Aínda que eramos moitos máis, os mozos sesentóns aquí presentes constituímos unha inmillorable representación.

Falar dun pasado tan lonxano ten dous riscos: o da nostalxia edulcorada e o do falseamento dunha memoria que invoca un tempo que tal vez nunca existiu e que só albiscamos por medio de anacos pero endexamais na súa totalidade. A ver se podo fuxir deles botando máis do que teño máis perto, que son eu mesmo, e así tal vez coincidamos en compartir algunhas das lembranzas.

Dicía Ortega y Gasset que unha das forzas decisivas na alma dos mozos que xadeixaron de seren nenos é o apetito de convivir con outros mozos da súa idade, apetito que el chamaba o instinto de coetaneidade. Tentemos xa que logo achegármonos a esa coetaneidade por medio da cotidianeidade daqueles tempos e por mor de tres preguntas que cabe facerse.

A primeira pregunta é a de quen eramos e que opinaban de nós.

Empezamos os estudos de bacharelato no ano 1964, cando o réxime de Franco celebraba os Vintecinco Anos de Paz e rematámoslos a piques de porse en funcionamento

A Ley General de Educación do ministro Villar Palasí que traía un novo enfoque educativo. Da primeira efeméride, a Deus gracias, non nos enteramos por ser moicativos. Da segunda sí, porque fomos moitos de nós os primeiros en experimentar queera aquilo do COU, que viña a substituir ó PREU. Así pois, uns fumos de COU e

outros de PREU. Pero desta primeira encrucillada das nosas vidas só tivemos conciencia cando os do PREU envexaron e fantasearon cós bens que nos agardaban ós do COU ó ter como compañeiras de curso a aquelas veciñas que, a carón de nós, no Instituto Femenino, tanto nos fascinaban. Niso consistiu para nós o desarrollismo franquista, no fantástico mundo da coeducación do COU experimental, que logo soubemos que non fora nada entre dous platos.

Por que se consideraban necesarios aqueles cambios? Pois porque a opinión que tiñan sobre nós, sobre a mocidade que estudiaba en xeral, non era moi boa. O escritor e profesor exiliado español Segundo Serrano Poncela dicía en 1969 que eramos alálicos e aléxicos, é decir, que nen sabíamos falar nen ler; e un industrial chantadino, do que omito o nome, opinaba que có actual bacharelato só adeprendíamos parvadas pero non cousas prácticas, como escribir a máquina, manexar unha contabilidade sinxela ou conducir un automóbil.

Pero alálico e aléxico como eu era, pescudaba o senso do que quería decir Amable Veiga, director do Instituto no 1969, ó manifestar que a limpeza do Centro custaba 10.000 pesetas. E iso sí eran verbas que nos facían matinar: quería dicir que non traíamos as mans e os zapatos limpos?, acaso se refería a como entrabamos despois do recreo, logo de dar conta dos xeados, das tortas recheas de mel, e doutras paparotadas, que poñían á nosa disposición o home do carriño dos xeados e o barquilleiro, apostados estratexicamente na entrada do Instituto para desacougo do bedel Mariñas? Certamente non sei onde metiamos os pés e as mans, e agardo que algún de vós me saque desta incertidume

E a todo isto, e sería a segunda das preguntas, que era o que nos gustaba a nós? Nos anos 1969 e 1970 pasaron moitas cousas importantes. O home pisou por primeira vez a lúa, Andrés Dobarro acadaba os primeiros postos na lista dos discos máis escoitados en España con O tren, estando a conseguir de paso que a lingua galega non fose tida como algo alleo fóra de Galicia, os Fórmula V obtiñan un disco de ouro con "Cuéntame", e morrían tráxicamente Jimmy Hendrix, Jim Morrison e Janis Joplin. Máis perto de nós, o profesor Alonso Montero, activo dinamizador da vida cultural lucense, publicaba a antoloxía Os cen mellores poemas da lingua galega e, en

colaboración con outro autor, O galego na escola; reaparecía Ediciós Xistral da man de Manuel María; a segunda edición do Pauto do demo de Ánxel Fole era un dos éxitos editoriais do ano, e púñase en marcha a nova fábrica de Sargadelos baixo o liderazgo de Isaac Díaz Pardo... Aínda que alálicos e aléxicos non eramos alérxicos a estes feitos. Prestabamoslles atención, e mesmo algúns con notable interese e aproveitamento, fosen poetas en potencia, alumnos en fase de disidencia, ou colexiales de residencia.

Mais tamén é certo que a esas idades as hormonas non perdoan e daí que outras encrucilladas e focos de interese reclamasen os nosos cuidados, sobre todo dous deles: a cultura de masas e os novos lugares de ocio e bailoteo en Lugo. Da primeira estaban xa en certo declive as lecturas de El Coyote e das novelas de Marcial Lafuente Estefanía, tan queridas nos cursos anteriores, pero aínda con grande número de seguidores, mentras que o cine e certos programas televisivos eran mellor apreciados agora; polo que a verdadeira pregunta filosófica que nos plantexabamos, a pesares dos desvelos de don Ángel (daquela os profesores e directores tiñan dereito ó “don” fronte ó que ocorrería despois e na actualidade en que foi substituído polo “Ei ti, fulano” ou polo nome a secas do profesor no caso dos alumnos máis respetuosos); a pregunta, digo, era a de omo podo facer eu para ver unha película non autorizada ós menores de 18 anos? Sobre todo téndose inaugurado a principios de 1970 o Cine Victoria como sala de Arte e Ensaio con certos filmes, oxe inocentes pero daquela subidos de ton. Porén, a verdadeira encrucillada (se cadra máis decisiva que a da elección entre o COU e o PREU ) era a de asistir ós guateques de sempre en pisos privados ou en espazos públicos coma os dos locais Rivera, A Ruta, e outros de parecido pelaxe, ou ben acudir ó que por entón era considerado por pais e xentes de ben santuario de todos os males: o recentemente inaugurado Pipers Club, onde tampouco podían entrar os menores de 18 anos, obrigándonos de novo a facernos a pregunta filosófica xa mencionada. Ben é verdade que tampouco estaba ó nivel das nosas economías, pois as entradas para ver a Juan Pardo ou Mari Trini non eran precisamente baratas.

En medio de todas estas distraccións, e outras que non cito por non semellarme axeitadas para este lugar nen momento, xurde a derradeira das preguntas: que representou o Instituto para nós e

que podíamos atopar nun centro de estudos no que tiñamos clase hasta os sábados e a limpeza custaba as dez mil pesetas de marras?

Teño para mín, e isto non pasa de ser unha apreciación moi persoal, que o máis importante que nos pasou aquí, foi o poder atoparnos e coñecernos nenos e mozos dos máis diversos lugares da provincia, coas orixes e imaxinarios diferentes ( rurais uns, urbsnos outros), de vilas e de aldeas, procedentes de colexios en réxime de internado ou externado (o Colexio Menor, o dos Maristas, o Seminario, por citar só os da capital), nenos do campo ou da cidade, falando en galego ou en castelán, de idades comprendidas entre os dez e os dezaseis anos cando empezamos no ano 1964. Esa diversidade, que remataría coa chegada da Ley General de Educación, produciu un achádego e un intercambio de experiencias e imaxinarios tan variados que nos enriqueceu como alumnos primeiro e como adultos despois. Velaí a laboura do Instituto como faro dun Finisterre da diversidade ó que nos asomamos desde a inocencia da idade, cando aínda descoñecíamos o tempo no que as cousas ían en serio, como diría o poeta.

Pero no Instituto Masculino atopamos tamén o bon facer duns profesores que en ocasións nos adeprenderon a pensar situándonos fronte ás voces de autores non sempre ben vistos naquela época; noutras, desbrozándonos uns asuntos que se nos aparentaban crípticos ou enoxosos; e, en fin, facendo xurdir en nós o interese por materias nas que ata o daquela non tiñamos reparado con atención. Cunha dedicación que ía máis lonxe das súas obrigas docentes combatiron con perseverancia o noso fastío adolescente por uns programas escasamente atractivos, e foron quen de entender que ás veces lles prestásemos máis atención ás rapazas do Femenino cando saían ó patio que á lección que eles desgranaban nas clases con paciencia.

A aqueles profesores dos que hai aquí unha representación moi cualificada permítome darlles as grazas no nome dos seus alumnos de entón, os daquela época da que o poeta latino Catulo dicía que “jucundum cum aetas florida ver ageret”, que probablemente se podería traducir, e que Amable Veiga me perdoe polos erros, por “cando a miña idade en fror vivía a súa leda primaveira”. Moitas grazas pola vosa atención.